

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

22878 *CORRECCIÓN de erratas da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público. («BOE» 236, do 2-10-1998.)*

Advertidas erratas no texto da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, publicado no «Boletín Oficial del Estado» número 167, do 14 de xullo de 1998, procédese a efectuar as oportunas modificacións:

Na páxina 23499, primeira columna, artigo 66, modificación do artigo 20 da Lei 39/1998, número 3, parágrafo g), liña terceira, onde di: «... valos puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións...», debe decir: «... valos, puntais, cabaletes, estadas e outras instalacións...».

Na páxina 23499, segunda columna, artigo 66, modificación do artigo 20 da Lei 39/1998, número 4, parágrafo n), liña segunda, onde di: «... sanatorios médico-cirúrxicos,...», debe dicir: «... sanatorios médicos cirúrxicos,...».

23133 *LEI ORGÁNICA 7/1998, do 5 de outubro, de modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, pola que se suprimen as penas de prisión e multa para os supostos de non-cumprimento do servizo militar obrigatorio e prestación social substitutoria e se rebaixan as penas de inhabilitación para os ditos supostos. («BOE» 239, do 6-10-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso xa iniciado para a plena profesionalización das Forzas Armadas, que deberá levar consigo a supresión do servizo militar obrigatorio, require un período transitorio que evite substitucións traumáticas, construíndose con bases sólidas que impidan a redución do nivel de operatividade dos Exércitos, o que esixe axustar gradualmente os efectivos de reemprazo e profesionais e adecua-la normativa actual das Forzas Armadas.

O cambio de modelo non só debe proxectar os seus efectos na normativa específica das Forzas Armadas, senón tamén sobre a normativa sancionadora, que non debe ser allea ó momento histórico actual. Neste sentido, inmersos nun período transitorio, considérase conveniente adecuar as penas previstas no Código penal para sancionar os incumprimentos do deber de prestación do servizo militar e da prestación social substitutoria ós cambios que se están a producir. Considérase, así mesmo, que non se pode dar un tratamento distinto para os supostos de insubmisión ó servizo militar respecto ós da prestación social substitutoria, dado que en ambos existe unha evidente «simetría constitucional».

Para a finalidade anteriormente exposta debe buscarse un novo equilibrio entre as infraccións e as sancións previstas no Código penal, para que, por unha banda, se manteña o efecto disuasorio implícito en toda lei e, por outra, a adecuada proporción entre a gravidade da infracción e a súa consecuencia. Con este obxectivo deben manterse sancións que garantan o cumprimento do servizo militar e da prestación social substitutoria, pero suavizando as penas actuais.

En ningún destes supostos deben existir penas de prisión, dado que estas son sempre no Dereito penal a «última ratio» sancionadora, que non queda agora xustificada.

A regulación do réxime sancionador para estes delitos debe gardar unha maior proporción respecto ó ben xurídico que se pretende protexer, cumprir mellor coa función rehabilitadora que a Constitución lle asigna ó Dereito penal e non supoñer un menosprezo para aqueles que optan polo cumprimento do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria.

Por outra banda, considérase conveniente manter o réxime sancionador no Código penal para que sexan os tribunais de Xustiza os que xulguen e sancionen estas condutas, polas garantías de tutela e defensa dos dereitos dos cidadáns que iso supón.

En consecuencia, esta lei orgánica suprime as penas privativas de liberdade e de multa establecidas no vixente Código penal para estes incumprimentos, pero mantén as penas privativas de dereitos, aínda que se moderan rebaixándoas a un tempo de catro a seis anos.

A lei orgánica inclúe unha primeira disposición para modifica-lo artigo 527 do Código penal e unha segunda para modifica-lo artigo 604 do dito Código penal. Complétase cunha disposición derogatoria única para suprimir o artigo 528 do Código penal e a necesaria disposición derradeira para sinala-la entrada en vigor. Así mesmo, introdúcense dúas disposicións transitorias para os efectos de revisar, de acordo coa nova normativa, os procesos penais xa iniciados, permitindo tamén expresamente o seu carácter retroactivo en canto favorezan os condenados mediante sentenza firme conforme a lexislación anterior.

Artigo primeiro.

Modifícase o artigo 527 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 527.

Será castigado coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de catro a seis anos o obxector recoñecido que:

1.º Chamado ó cumprimento do servizo que se lle asigne, deixase de se presentar sen causa xustificada, atrasando a súa incorporación a el por un tempo superior a un mes.

2.º Estando incorporado ó referido servizo, deixase de asistir a el por máis de vinte días consecutivos ou trinta non consecutivos, sen causa xusta.

3.º Incorporado para o cumprimento da prestación social substitutoria, se negase de modo explícito ou por actos concluíntes a cumprila.

A inhabilitación incluírá a incapacidade para desempeñar calquera emprego ou cargo ó servizo das administracións, entidades ou empresas públicas ou dos seus organismos autónomos e, ademais, a imposibilidade de obter subvencións, bolsas ou axudas públicas de calquera tipo durante o período de condena.

Unha vez cumprida a condena imposta, o penado quedará exento do cumprimento da prestación.»

Artigo segundo.

Modifícase o artigo 604 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que terá a seguinte redacción:

«Artigo 604.

O que, citado legalmente para o cumprimento do servizo militar, non se presentase sen causa xustificada, atrasando a súa incorporación a el por un tempo superior a un mes, ou, non estando incorporado aínda ás Forzas Armadas, manifestase explicitamente no expediente a súa negativa a cumprir-lo dito servizo sen ningunha causa legal, será castigado coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por un tempo de catro a seis anos.

A inhabilitación incluírá a incapacidade para desempeñar calquera emprego ou cargo ó servizo das administracións, entidades ou empresas públicas ou dos seus organismos autónomos e, ademais, a imposibilidade de obter subvencións, bolsas ou axudas públicas de calquera tipo durante o período de condena.

Unha vez cumprida a condena imposta, o penado quedará exento do cumprimento do Servizo Militar, excepto no suposto de mobilización por causa de guerra.»

Disposición transitoria primeira.

Os procesos penais iniciados antes da entrada en vigor desta lei continuarán a súa tramitación conforme esta.

Disposición transitoria segunda.

Os preceptos contidos nesta lei terán efectos retroactivos en canto favorezan os condenados mediante sentenza firme consonte a lexislación anterior.

Nas sentencias dictadas conforme a lexislación que se derroga e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, as partes poderán invocar e o xuíz ou o tribunal aplicará de oficio os preceptos desta lei.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o artigo 528 da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, e todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que sexan incompatibles co disposto nesta lei.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 5 de outubro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23134 *LEI 31/1998, do 5 de outubro, sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de 14.500.000.000 de pesetas para a adquisición dos edificios sitos na Carreira de San Jerónimo, números 36 e 40, con destino ó Congreso dos Deputados. («BOE» 239, do 6-10-1998.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Congreso dos Deputados vén manifestando desde hai anos que os inmobles que constitúen a súa sede na Carreira de San Jerónimo son manifestamente insuficientes para un adecuado desenvolvemento das funcións que a Cámara ten asignadas.

A Mesa do Congreso, mediante acordo do 16 de setembro de 1997, fixo súas e reiterou as consideracións das Mesas de anteriores lexislaturas, sobre a necesidade de dota-lo Congreso dos Deputados e as Cortes Xerais dunha infraestrutura que lles permita desenvolver con suficiencia e dignidade os labores que lles corresponden como representación da soberanía popular, no réxime parlamentario deseñado pola Constitución española de 1978. Na dita reunión, tras constatar que as ampliacións efectuadas nos anos 1980 e 1994 non foron suficientes, que o Congreso segue contando con múltiples edificios dispersos e que o grupo Argentario fixo pública a súa decisión de abandona-los edificios situados fronte da Cámara, a Mesa propúxolle ó Goberno que se acordase a adquisición dos edificios situados na Carreira de San Jerónimo, números 36 e 40, así como o adxacente da rúa Santa Catalina, número 4, e, para tal efecto, solicita